

UNHA BIBLIOTECA ESCOLAR EN VIÑETAS

O PLAN DE BIBLIOTECA

Biblioteca escolar do CEIP Plurilingüe Manuel Murguía

ÍNDICE

1.	<i>INTRODUCCIÓN</i>	3
2.	<i>CONTEXTUALIZACIÓN</i>	4
3.	<i>OBXECTIVOS</i>	5
4.	<i>AVALIACIÓN</i>	7

1. INTRODUCCIÓN

O plan de biblioteca obxecto do presente documento sitúase no CEIP Plurilingüe Manuel Murguía de Feáns - A Coruña. É un centro de liña un, que conta cunha unidade por nivel. Entre as súas instalacións destaca a biblioteca situada na planta baixa, entre o comedor xestionado pola ANPA e o ximnasio.



O plan de biblioteca terá por finalidade a promoción da nosa biblioteca escolar como centro de referencia para toda a comunidade educativa de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe.

Como persoa responsable da biblioteca escolar son a encargada, en colaboración coa xefatura de estudos e o equipo de apoio, de elaborar este plan, que favorecerá o desenvolvemento do Plan Lectura e o uso, por parte de alumnado e profesorado, das distintas fontes informativas e da variedade de servizos da biblioteca escolar, en beneficio de todas as áreas e materias do currículo.

O Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, co fin de fomentar o hábito da lectura, establece que os centros docentes organizarán a súa práctica docente de xeito que se garanta a incorporación dun tempo diario de lectura e práctica da oratoria. Este tempo diario de lectura en Educación Primaria terá lugar nas diferentes áreas ao longo da xornada diaria.

Non podemos esquecer que a finalidade da Educación Primaria é “facilitar ao alumnado as aprendizaxes da expresión e da comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, as habilidades lóxicas e matemáticas, a adquisición de nocións básicas da cultura e o hábito de convivencia, así como os de estudo e traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, a fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa

personalidade, e de preparalo para cursar con aproveitamento a educación secundaria obrigatoria". De aquí a necesaria xustificación do desenvolvemento deste plan.

2. CONTEXTUALIZACIÓN

Actualmente, no curso escolar 2023/24, o equipo de biblioteca está composto por oito membros:

- Saleta Cundíns Fernández: titora de 5º de Educación Infantil.
- María Jesús Pazos Mosquera: titora de 2º de Educación Primaria.
- Jessica Paradela García: titora de 4º de Educación Primaria.
- Carmen Ibáñez Valiña: titora de 5º de Educación Primaria.
- María Barca Gómez: mestra especialista en inglés.
- Alba Domínguez Caneda: mestra especialista en Pedagogía Terapéutica.
- Ana María Astray Iglesias: mestra de Audición e Linguaxe.
- Cristina Toba Santabaya: titora de 3º de Educación Primaria (coordinadora).

A biblioteca do centro educativo está no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE) dende o curso 2016/17, e cada curso escolar desenvolverá un Proxecto Documental Integrado. Ademais, estamos en Bilbriotecas Creativas dende o curso académico anterior, 2022/23.

Actualmente solicítouse o programa de Radio na Biblio e tamén o sistema de catalogación Koha, coa finalidade de reestuturar a catalogación completa da biblioteca e aplicar correctamente a CDU (Clasificación Decimal Universal).

Ademais, con esta axeitada clasificación e organización de todos os libros impresos e xogos, poderemos establecer novos obxectivos como, por exemplo, seguir as recomendacións internacionais de acadar un 60% de fondos de tipo informativo e un 40% de fondos de ficción.

3. OBXECTIVOS

- A biblioteca escolar estará aberta no seguinte horario:

Mañás	Luns a venres.	09:00 a 14:00 horas.
Tardes	Martes a xoves.	16:00 a 18:00 horas.
Tardes	Venres	16:00 a 17:00 horas.

- Soamente se realizarán préstamos en horario de mañá.
- Na biblioteca escolar debe convivir o formato impreso e o dixital, os libros cos xogos e o equipamento tecnolóxico na biblioteca. En consecuencia, disporanse dos seguintes recunchos:
 - Recuncho de xogos.
 - Recuncho de biblioteca creativa.
 - Recuncho para a radio, sempre que sexa concedida.
 - Bibliopatio, coa finalidade de que o alumnado goce de lecturas ao aire libre.
 - Tablets para uso dixital da biblioteca.
 - Zona de revistas impresas.
 - Zona de libros clasificados segundo a CDU.
 - Expositor de novidades e de temáticas.
- Actividades do PDI. Este curso escolar levará o nome de *O Murguía nas Olimpíadas!*
- Ofertarase material que fomente a lectura, a escritura, as habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio a adquisición das competencias clave que se deben traballar dende as diferentes materias do currículo.

Como axuda ao cumprimento deste obxectivo deseñaranse dous trípticos, un en Nadal e outro ao remate do curso escolar, onde se terán en conta as recomendacións de todos os mestres/as que imparten as diferentes materias.

- Coordinación dende a biblioteca escolar cos demais equipos da biblioteca e proxectos, para que todas as actividades e conmemoracións que se desenvolvan durante o curso académico teñan unha estreita coordinación:
 - Equipo de Dinamización da Lingua Galega.
 - Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.
 - Equipo TIC.
 - Equipo do Proxecto de Vida Activa e Deportiva.
 - Equipo Ecoescola.
- Colaboración coas bibliotecas municipais da cidade.
- Preténdese contar con contacontos, ilustradores/as e autores/as dos libros de lectura obrigatorios que se len durante o curso académico e outros que poidan ser de interese. Actualmente estanse levando a cabo as seguintes lecturas:
 - 2º ciclo de educación primaria: un libro en lingua galega e outro en castelá.
 - 3º ciclo de educación primaria: un libro en lingua galega, un en castelá e outro en inglés.
- Libros que van e veñen. As novas mochilas viaxeiras contarán co seguinte material:
 - Libro de lectura de lingua galega.
 - Libro de lectura de lingua castelá.
 - Libro de lectura de lingua estranxeira: inglés.
 - Libro instrutivo para levar a cabo entre as familias e o alumnado.
 - Libro de crianza para adultos.
- Difundirase a información a través das seguintes canles:
 - Páxina web do centro educativo.
 - Blog da biblioteca.
 - Instagram do colexio.
- Continuación co labor da Comisión de Biblioteca no Consello Escolar, constituída por:
 - Cristina Toba Santabaya (secretaria).
 - María Barca Gómez.
 - Patricia Ferreiro Gómez (ANPA).

- Belén Arias García.
- Laura Cedrón Puente.
- Formación de usuarios e voluntarios/as da biblioteca, que será o alumnado de sexto de Educación Primaria; farán esta función aproximadamente tres alumnos/as por día.

E, por outra banda, formación dos mestres/as que constituímos o equipo de biblioteca, acudindo ás xornadas de bibliotecas escolares de Galicia do presente curso académico, así como a outras formacións de interese.
- Creación de bibliotecas de aula para fomentar, principalmente, a competencia en comunicación lingüística a través de:
 - Libros expurgados da biblioteca do centro.
 - Listaxe de libros da biblioteca.
- Elaboración de novos carnés de biblioteca.

4. AVALIACIÓN

É necesario que a biblioteca escolar aplique indicadores de avaliación para coñecer o grao de cumprimento dos obxectivos e das liñas de actuación deseñadas. Con este seguimento poderemos levar a cabo trimestralmente as modificacións que se consideren axeitadas do plan.

Os indicadores de avaliación a ter en conta ao finalizar cada trimestre serán:

Responde cun “tick” (v) a frecuencia que se empregou:				Explica brevemente.
Indicador	Pouco	Bastante	Moito	Observacións
Utilización dos diferentes recunchos.				
Motivación do alumnado no programa da biblioteca creativa.				

Responde cun “tick” (v) a frecuencia que se empregou:				Explica brevemente.
Utilización das exposicións.				
Actividades do PDI.				
Material variado adquirido en relación coas materias.				
Coordinación cos diferentes equipos do centro.				
Colaboración con outras bibliotecas municipais da cidade.				
Visita de contacontos, autores/as, ilustradores/as...				
Mochilas viaxeiras.				
Difusión da información.				
Colaboración no Consello Escolar.				
Formación aos mestres/as.				
Formación do equipo de biblioteca en xornadas, cursos...				
Voluntarios/as da biblioteca.				
Riqueza e variedade nas bibliotecas de aula.				
Préstamos e aforos na biblioteca nos tempos de lecer.				

Responde cun “tick” (v) a frecuencia que se empregou:				Explica brevemente.
Utilización das titoras do seu horario de biblioteca.				

Esta avaliación sería cumprimentada por todo o claustro de mestres/as do CEIP Plurilingüe Manuel Murguía, para valorar as melloras que se deberían realizar.